

## BASES DE ORGANIZACIÓN

### III TRIATLON CONCELLO DE RIANXO

#### Organizan:

- **Lodeco S.L.U.**  
Email: [lodeco@lodeco.es](mailto:lodeco@lodeco.es)  
Persoa de contacto: Miguel Fernández  
Teléfono: 600 433 203
- **Concello de Rianxo**
- **Federación Galega de Tríatlon**

#### Patrocina:

- **Concello de Rianxo**

#### Colaboran:

- **Deputación Provincial**
- **Policía Local**
- **Protección Civil**
- **Secretaría Xeral para o Deporte**

#### Datas e horarios das carreiras:

- Sábado 7 de setembro de 2019 ás 16:00 h

#### Distancias:

- Sprint: 0,750 km de natación (1 volta) – 20 km en bicicleta (4 voltas) – 5 km de carreira a pé (3 voltas).

#### Inscricións:

Ata o martes, día 3 de setembro, limitado a 250 prazas por rigorosa orde de inscrición.

#### Listaxe de espera:

Completadas as prazas, abrírase unha listaxe de espera por orde de chegada de solicitude enviando un correo a [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) indicando no asunto *Listaxe de espera Rianxo* con todos os datos persoais (nome, apelidos, DNI, tlf. correo-e).

O mércores, 4 de setembro, tras coñecer as baixas farase a comunicación por correo electrónico aos deportistas da lista de espera que entren na proba. Terán para formalizar a inscrición ata ese mesmo día, mércores 4, ás 14 h.

A inscrición realizarase en liña, a través da web da Federación Galega de Tríatlon, [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Regulamentos/Inscricións.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

### Prezo:

12 € (Cadetes gratuíta)

### Federados:

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

### Licenzas 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

Custe licenza de 1 día de 12 €+ 12€. Inscripción Total: 24€  
Cadetes non federados só aboarán os 6€ de licenza de 1 día de menores.

Imprescindible, para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI en vigor á Federación Galega de Tríatlon (fegatri@hotmail.com).

### Baixas e política de devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación), rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

### Publicación listaxes inscritos

**Listaxe provisional.** Publicarase o xoves anterior á proba (admítense reclamacións cando na listaxe hai algún erro debido ao manexo dos datos na Federación. Por exemplo, baixas solicitadas en tempo e que non aparecen como tales na listaxe).

É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a presentar reclamación no caso de haber erros.

**Listaxe definitiva.** Publicarase o venres anterior á proba, sendo firme e sen posibilidade de cambios.

Haberá cronometraxe *champion-chip*. Cada participante que non teña CHIP AMARELO en propiedade terá que aboar unha fianza de 25 €, o día da proba, ao recoller o dorsal, dos cales lle serán devoltos 23€ ao rematar a carreira (2€ aluguer do chip, agás cadetes) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe *champion-chip*.

Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de cor AMARELO (non valen de calquera outra cor) poderá corre con el.

### **Desenvolvemento da proba:**

#### **Saída e transición:**

Porto de Rianxo

#### **Meta:**

Praza de Castelao

#### **Recollida de dorsais:**

Na carpa de organización o sábado de 14:30h a 15:40 h.

#### **Reunión técnica:**

Ás 15:30 h nas inmediacións da secretaría.

#### **Control de material:**

De 14:50h a 15:50 h. OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.

### **Premios:**

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as da xeral e das categorías. (cadete, junior, sub-23 e veterano/a).

*"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono".*

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

### **Normas de competición:**

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Triatlón.